



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA PARA A INVESTIGACIÓN E DOCUMENTACIÓN DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE MERCADO DOS MOUROS (VALGA, PONTEVEDRA).

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Valga para a realización dunha actuación arqueolóxica **para a investigación e documentación do xacemento arqueolóxico de Mercado dos Mouros (Valga, Pontevedra)**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A través deste convenio de colaboración preténdese realizar unha intervención arqueolóxica para a investigación e documentación do xacemento arqueolóxico de Mercado dos Mouros (Valga, Pontevedra). A dita actuación consistirá, en concreto, na realización dunha serie de sondaxes arqueolóxicas valorativas coa finalidade de completar e complementar a documentación existente, dotar de cronoloxía fiable a este xacemento arqueolóxico e recopilar material e información arqueolóxica de cara a súa posterior posta en valor.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **10.21.433A.760.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **7.000 €** no ano 2018.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, xa que o xacemento arqueolóxico atópase incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural, razón pola que está incluído no plan estratéxico para a protección e a conservación do patrimonio cultural de Galicia dentro do obxectivo operativo 2 “conservar o patrimonio cultural galego” dentro das propostas de actuacións que a consellería pretende desenvolver no patrimonio arqueolóxico de Galicia, en colaboración cos concellos, elaborada pola Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación inclúe medidas para a conservación do patrimonio arqueolóxico, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

